



## REGULAMENTO DE MOBILIDADE E SELECCIÓN DE ESTUDANTES DE GRAO PROPIOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR

(aprobado o 18 de decembro de 2014 e modificada en Xunta de Facultade o 7 de xullo de 2016)

A plena implantación do Espazo Europeo de Educación Superior na Universidade de Vigo e o crecemento da actividade internacional que desenvolve a Facultade de Ciencias do Mar fan necesaria a definición da política de mobilidade da Facultad de Ciencias do Mar, a través do presente regulamento en materia de mobilidade nacional e internacional, para adaptala á nova estrutura dos estudos e aos novos procesos de xestión, e para mellorar a calidade do servizo que se lles ofrece aos membros da comunidade universitaria beneficiarios dos programas de mobilidade e aos nosos/as visitantes estranxeiros.

### **1. OBXETO**

O presente regulamento ten como obxecto establecer as condicións e o proceso para participar nos programas de mobilidade nacional e internacional desenvolvidos na Facultade de Ciencias do Mar (ERASMUS+, Bolsas propias, libre mobilidade, SICUE, ISEP). Esta normativa complementa o Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo (aprobado o 7 de maio de 2013).

### **2. SOBRE A XESTIÓN DOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO**

Segundo establece o Regulamento da UVIGO no seu artigo 5, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) é unha unidade técnica e administrativa dependente da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais. A xestión e a dirección dos programas de mobilidade internacional é competencia da Oficina de Relacións Internacionais, sen prexuízo da súa coordinación con outras oficinas e servizos da Universidade de Vigo que desenvolvan programas internacionais no marco das súas competencias. Os principais programas de intercambio podense consultar na paxina web da Universidade:

[http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/ori/uvigo/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/uvigo/)

A Sección de información ao estudante da Universidade de Vigo (SIOPE) e a responsable da xestión do programa SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois) de mobilidade nacional, que permite ao estudantado das

universidades españolas a realización dunha parte dos seus estudos noutra universidade española con garantías de recoñecemento académico.

Segundo establece o Regulamento da UVIGO no seu artigo 7, a persoa responsable das relacións internacionais da Facultade de Ciencias do Mar será responsable da coordinación e do apoio das actividades de formación e docencia no campo das relacións internacionais do centro, e nomeadamente da posta en práctica dos programas de mobilidade nacional e internacional. Será, ademais, o enlace entre a Oficina de Relacións Internacionais (ORI), para programas internacionais, e Sección de información ao estudante da Universidade de Vigo (SIOPE), para programas nacionais, e a Facultade de Ciencias do Mar, e actuará como persoa de referencia no marco dos programas e das accións de mobilidade e de cooperación internacional.

O alumnado interesado en solicitar unha praza de intercambio deberá consultar a información específica sobre as universidades de destino a través da web da Oficina de Relacións Internacionais, do SIOPE e mediante consultas en internet. O listado das Universidades coas que existen acordos internacionais esta dispoñible na seguinte dirección: [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/ori/i](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/i). Esta páxina dispón de enlaces coas webs de cada institución.

## **2. PROCESO DE SOLICITUDE**

Todo o proceso relativo á convocatoria e solicitude das prazas de mobilidade está xestionado dende a ORI ou dende a Sección de información ao estudante da Universidade de Vigo-SIOPE (programa SICUE). Para calquera dúbida sobre a convocatoria (impresos, prazos, bolsas, etc.), os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles; tfno.: 986 813 550; correo electrónico: [ori@uvigo.es](mailto:ori@uvigo.es)) ou ao SIOPE (Edificio Miralles; tfno.: 986 81 36 30; correo electrónico: [siope@uvigo.es](mailto:siope@uvigo.es)).

## **3. REQUISITOS XERAIS**

Segundo artigo 16 do Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, os requisitos xerais para a participación do estudiantado da Universidade de Vigo nos programas de mobilidade son:

- a) Estar matriculado en estudos de grao na Universidade de Vigo, no momento da solicitude e no momento da realización da estadía.
- b) Estar matriculado nun curso superior a primeiro de grao no momento de iniciar a estadía.

#### **4. REQUISITOS ACADÉMICOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DEL MAR**

Os requisitos específicos para a participación do estudiantado da Facultad de Ciencias do Mar nos programas de mobilidade son:

- a. Ter aprobado, polo menos, 48 ECTS do primeiro curso de Grao no momento de **solicitar a estadía**. No caso dos estudantes que están no seu primeiro ano de matrícula o número de créditos que deberán ter aprobados no momento de solicitar a estadía será de 30 ECTS.
- b. Ter aprobados alomenos o 50% dos créditos matriculados no momento de **solicitar la estadía**.
- c. O número total de créditos que un estudante poderá cursar no marco dos programas de mobilidade e que serán convalidables por materias propias dá Universidade de Vigo será como máximo de 60 créditos. Ditos 60 ECTS poderán realizarse nun curso completo o ben en semestres independentes.
- d. Non poderá incluíse o traballo de Fin de Grao (TFG) no contrato de estudos dos programas de mobilidade. O TFG poderá ser codirixido por un tutor da Universidade de destino, xunto con un tutor da Universidade de Vigo. O TFG deberá ser presentado e defendido na Universidade de Vigo.

#### **5. ASIGNACIÓN DAS PRAZAS**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Mobilidade ou, no seu defecto o Coordinador/a de Mobilidade fará a selección de estudiantado na Facultade de Ciencias do Mar. As prazas asignaranse por expediente académico (nota media simple segundo a define a Consellería de Educación, DOG, 23 de marzo de 2005) tendo en conta os requisitos de idioma e adaptación do perfil do candidato á universidade de destino.

No caso de igualdade de expediente académico para unha praza na mesma universidade, darase prioridade ao estudante que non teña sido beneficiario dunha bolsa de mobilidade con anterioridade, e aquel que teña superados un maior número de créditos. Non habendo elementos diferenciadores realizarase un sorteo.

A lista provisional de alumnos seleccionados publicárase no cadro de avisos da Facultade de Ciencias do Mar ou, no seu defecto, na paxina web da Facultade. Concederáse un prazo de reclamación de 5 días naturais. Transcorrido dito prazo, e resoltas as reclamacións presentadas, a lista definitiva será remitida á ORI, nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

#### **6. CONTRATO DE ESTUDOS PARA INTERCAMBIOS**

Unha vez resolta a concesión de bolsas, os estudantes seleccionados deberán propoñer, coa colaboración e aceptación do Coordinador de Mobilidade de Estudantes da Facultade, o seu contrato de estudos (“learning agreement”). O

contrato de estudos reflectirá as materias a cursar na universidade de destino, así como o seu recoñecemento académico na universidade de Vigo.

Para o establecemento deste contrato, o estudante debe buscar a máxima afinidade de temario e carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. Así, deberanse cumprir os seguintes criterios:

- a. Cursar o mesmo ou maior número de créditos ECTS na Universidade de destino que na Universidade de Vigo.
- b. Respetar o equilibrio de créditos ECTS entre os diferentes ámbitos científicos.
- c. Non se poden incluír no contrato de estudos materias propias que se suspenderon en cursos pasados.

O estudante debe obter a información respecto a materias e contidos da Universidad de destino que permita facer o contrato de estudos. En ningún caso os recoñecementos realizados en anos anteriores sentarán precedente. O/a estudante será o/a encargado/a de custodiar o orixinal do contrato ata que chegue á universidade de destino.

Só se convalidarán as asignaturas nas que o/a estudante este matriculado/a na Universidade de Vigo e que estean dadas de alta nos contratos de estudos, debidamente asinados polos responsables das universidades de orixe e destino, e que figuren no certificado de cualificacións da universidade de destino ("Transcript of Records") como aprobadas. O estudante poderá estar matriculado noutras materias exclusivamente na Universidade de Vigo (matrícula ordinaria).

Entre os cambios de contrato posibles, permítese paso de materias de matrícula ordinaria a Contrato de Estudos e viceversa, sempre que non se incumpran as normas preestablecidas (estar fora das datas límite, facer matrícula de intercambio para materias nas que o alumno se examinou con anterioridade, etc.). Este cambio só se permitirá unha vez por materia e curso, e será reflectido no novo Contrato de Estudos. O propio alumno será o responsable de xestionar dita modificación de matrícula mediante os trámites adecuados. Con relación a este último punto, os estudantes poderán examinarse en segunda convocatoria das materias de matrícula de intercambio escollendo entre a universidade de acollida ou na propia (Universidade de Vigo). No segundo caso será necesario que modifiquen o estado da matrícula para poder presentarse aos exames na Universidade de Vigo, polo que o trámite deberá realizarse nas datas adecuadas antes da convocatoria desexada.

A data límite para a presentación do contrato de estudos quedará reflectida na convocatoria do programa correspondente e, en todo caso, dependerá das condicións establecidas polas universidades de destino.

Con posterioridade, durante o curso, o estudante poderá solicitar ao Coordinador de Mobilidade de Estudantes modificacións debidamente xustificadas no contrato de estudos.

Unha vez autorizados os cambios, modificarase o contrato na plataforma correspondente, o Coordinador de Mobilidade de Estudantes daralle o visto bo, o estudante imprimirá e fará asinar o contrato de estudos (inicial e con cambios) polos responsables da universidade de destino e deberá enviálo por correo ordinario ao Coordinador de Mobilidade de Estudantes (Facultade de Ciencias do Mar, Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo). Os prazos para a realización de cambios no contrato indicaranse na convocatoria de cada ano, pero por defecto incluírán o 15 de novembro e 15 de abril como datas límite para os cambios nas materias do primeiro e segundo cuatrimestre respectivamente.

## 7. RECOÑECIMIENTO DOS CRÉDITOS CURSADOS DURANTE O INTERCAMBIO

O recoñecemento académico só afectará a materias nas que o estudante se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice o intercambio e que aparezan reflectidas no seu Contrato de Estudos (orixinal + modificacións). Este recoñecemento só será efectivo cando o estudante estea de volta na Universidade de Vigo.

Segundo o Regulamento da Universidade de Vigo, a correspondencia con créditos da titulación de orixe da Universidade de Vigo que se especificará no contrato de estudos poderá ser:

- a) Materia por materia.
- b) Por curso completo ou cuatrimestre completo.
- c) Por módulos ou bloques de materias.
- d) Por conxunto de créditos ECTS.

Nos casos b, c e d, todas as materias suxeitas a recoñecemento na Universidade de Vigo dentro do curso, do módulo ou do conxunto de créditos correspondente constarán coa mesma cualificación, que será a nota media das materias o grupos de materias cursadas na Universidade de destino.

As equivalencias da cualificación entre a escala ECTS y a escala española para os alumnos de mobilidade dentro da Unión Europea ven definida na tabla do anexo I.

## 8. REALIZACIÓN DE EXAMES DA UNIVERSIDADE DE VIGO DURANTE A ESTADÍA.

Aqueles alumnos matriculados de asignaturas da Universidade de Vigo en 2ª convocatoria ou superior, as cales non se inclúen no contrato de estudos, poderán presentarse ao exámen durante a estadía de mobilidade, previa solicitude formal ao

profesor responsable da materia y a o Coordinador de mobilidade, sempre e cando o exame oficial da universidade de orixe coincida co período da estadía.

O alumno debe tener en conta que, en o actual sistema EEES, a superación dunha materia implica o examen e máis as cualificacións das prácticas e seminarios.

O procedemento para realizar dito examen será o seguinte:

1. O estudante deberá contactar co profesor responsable da materia e solicitar a presentación a o examen durante a estadía de mobilidade.
2. Tras o visto bo do profesor responsable, o estudante contactará co Coordinador/a de Mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar y con o Coordinador/a de Mobilidade da Universidade de destino, proporcionando os datos dos coordinadores (nome e email) para facilitar o contacto entre os mesmos.
3. O Coordinador/a de Mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo contactará con o coordinador/a da Universidade de destino, para solicitar su conformidad con o proceso.
4. Tras o visto bo do coordinador/a da Universidade de destino, se pondrán dacordo no dia e a data do examen. O coordinador/a da Universidade de destino velará polo axeitado desenrolo do examen.
5. O coordinador da Universidade de destino enviará o examen escaneado via email y o examen orixinais por correo postal a o coordinador de mobilidade da facultade de ciencias do mar de la Universidad de Vigo.
6. O coordinador do centro fará chegar o examen a o profesor responsable da asignatura que correxirá y evaluará a o estudante.

## 9. APLICACIÓN

A presente normativa entrará en vigor dende a súa aprobación, e a partir da convocatoria de prazas de intercambio para o curso 2015-16 en adelante. En Vigo, a 18 de decembro de 2014

## ANEXO I

Además de los créditos ECTS, la Comisión Europea definió un sistema de evaluación ECTS. Esto permite hacer comparables las calificaciones entre los diferentes países de la UE. Este sistema de evaluación está basado en el percentil de clase. Esto significa que la calificación muestra como un estudiante se sitúa en comparación con otros estudiantes de su misma clase. Antes de realizar la evaluación los alumnos son separados en los grupos: los que han suspendido (*fail*) y los que han superado (*pass*) la materia. Por tanto, los resultados son independientes de los estudiantes que no superaron la materia:

| ECTS grading scale |  |                                | Conversión al sistema español |                                     |              |
|--------------------|--|--------------------------------|-------------------------------|-------------------------------------|--------------|
| Escala ECTS        | Definición   | Distribución calificaciones EU | Escala ECTS detalle           | Distribución calificaciones detalle | Escala UVIGO |
| <b>A</b>           | outstanding performance with only minor errors       | Best 10%                       | <b>A+</b>                     | Best 1%                             | 10           |
|                    |  |                                | <b>A</b>                      | Next 4%                             | 9,5          |
|                    |  |                                | <b>A-</b>                     | Next 5%                             | 9            |
| <b>B</b>           | above the average standard but with some errors      | Next 25%                       | <b>B+</b>                     | Next 5%                             | 8,5          |
|                    |  |                                | <b>B</b>                      | Next 10%                            | 8            |
|                    |  |                                | <b>B-</b>                     | Next 10%                            | 7,5          |
| <b>C</b>           | generally sound work with a number of notable errors | Next 30%                       | <b>C+</b>                     | Next 10%                            | 7            |
|                    |  |                                | <b>C</b>                      | Next 10%                            | 6,5          |
|                    |  |                                | <b>C-</b>                     | Next 10%                            | 6            |
| <b>D</b>           | fair but with significant shortcomings               | Next 25%                       | <b>D</b>                      | Next 25%                            | 5,5          |
| <b>E</b>           | performance meets the minimum criteria               | Next 10%                       | <b>E</b>                      | Next 10%                            | 5            |
| <b>F</b>           | fail – considerable further work is required         |                                | <b>F</b>                      |                                     |              |